

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 13 Xuño 2014 19:43

---



Un grupo de pais e nais do CEIP Souto-Donas entregaron este mediodía 4.900 sinaturas recollidas [na campaña contra a utilización de bandexas plásticas](#) nos comedores escolares. Tras o acto de entrega, mantiveron unha reunión coa concelleira Patricia Durán, responsable dos comedores escolares de Gondomar, quen comprometeuse a buscar alternativas no vindeira convocatoria de servizos de *catering* , comentaron os pais a VM.info . Unha posible estratexia sería premiar na licitación ás empresas que presenten outros materias substitutivos, caso das vaixelas de vidro atemperado ou de louza.

### **Os pais e nais valoran positivamente a reunión.**

Para os pais e nais do Souto-Donas a xuntanza coa edil significou un avance importante só polo feito que a responsable manifestara a vontade das autoridades locais de procurar unha solución que satisfaga a demanda. O maior obstáculo para [retirar bandexas de policarbonato ou polipropileno](#) , aínda que contan con informes de advertencia da Organización Mundial da Saúde (OMS), é que a súa utilización é legal no país.

Neste senso, segundo o informado polos pais a VM.info, o Concello de Gondomar procura algún tipo de puntuación na vindeira licitación do servizo que incentive ás empresas presentar

## #Gondomar: Presentan 4900 sinaturas ante o Concello rexeitando ás bandexas plásticas nos comedores

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Venres, 13 Xuño 2014 19:43

---

alternativas de bandexas noutros materias. Convocatoria que tería lugar no vindeiro mes de xullo segundo estimacións de Durán. “As expectativas son moito mellores que dous meses atrás, cando eramos directamente ignorados”, salienta César Lema, membro do colectivo de pais do Souto-Donas..